Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2025/6
SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- Salón de plenos, mércores 14 de maio de 2025 -

No día da data, ás 12:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:

PSdeG-PSOE
RAMON ABUÍN GOMEZ
M. TERESA BATALLA ROMERO

BNG
XOAN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
ANGEL JAMARDO REY
M. SOLEDAD BOGA GRELA

Unidade Veciñal de Dodro
REBECA RIAL DIZ
XOAN XOSÉ VICENTE FRANCO

Xente de Dodro
SERGIO JOSE BOGA GOMEZ
VALENTIN ALFONSIN SOMOZA
LUCIA YESICA VECINO RODRIGUEZ

SECRETARIA-INTERVENTORA:

SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. CUESTIÓN DE CONFIANZA VINCULADA Á APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL PARA 2025.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bos días, son as 12 da mañá e*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+OJPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

estamos aquí para celebrar o pleno extraordinario co único punto da orde do día que é cuestión de confianza vinculada á aprobación do orzamento xeral municipal para 2025."

PROPOSTAS ORDINARIAS

1. CUESTIÓN DE CONFIANZA VINCULADA Á APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL PARA 2025

Procédese co primeiro punto da Orde do día, que se transcribe de xeito literal a continuación:

"EXPTE: 2025/G006/000144
ASUNTO: CUESTIÓN DE CONFIANZA VINCULADA Á APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL PARA 2025
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO

O artigo 197 bis da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral dispón que:

"1. El Alcalde podrá plantear al pleno una cuestión de confianza, vinculada a la aprobación o modificación de cualquiera de los siguientes asuntos:
a) Los presupuestos anuales.
b) El reglamento orgánico.
c) Las ordenanzas fiscales.
d) La aprobación que ponga fin a la tramitación de los instrumentos de planeamiento general de ámbito municipal.

2. La presentación de la cuestión de confianza vinculada al acuerdo sobre alguno de los asuntos señalados en el número anterior figurará expresamente en el correspondiente punto del orden del día del pleno, requiriéndose para la adopción de dichos acuerdos el «quórum» de votación exigido en la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local, para cada uno de ellos. La votación se efectuará, en todo caso, mediante el sistema nominal de llamamiento público.

3. Para la presentación de la cuestión de confianza será requisito previo que el acuerdo correspondiente haya sido debatido en el pleno y que éste no hubiera obtenido la mayoría necesaria para su aprobación.

4. En el caso de que la cuestión de confianza no obtuviera el número necesario de votos favorables para la aprobación del acuerdo, el Alcalde cesará automáticamente, quedando en funciones hasta la toma de posesión de quien hubiere de sucederle en el cargo. La elección del nuevo Alcalde se realizará en sesión plenaria convocada automáticamente para las doce horas del décimo día hábil siguiente al de la votación del acuerdo al que se vinculase la cuestión de confianza, rigiéndose por las reglas contenidas en el artículo 196, con las siguientes especialidades:

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+0JPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

a) En los municipios de más de 250 habitantes, el Alcalde cesante quedará excluido de la cabeza de lista a efectos de la elección, ocupando su lugar el segundo de la misma, tanto a efectos de la presentación de candidaturas a la Alcaldía como de designación automática del Alcalde, en caso de pertenecer a la lista más votada y no obtener ningún candidato el voto de la mayoría absoluta del número legal de concejales.
b) En los municipios comprendidos entre 100 y 250 habitantes, el Alcalde cesante no podrá ser candidato a la Alcaldía ni proclamado Alcalde en defecto de un candidato que obtenga el voto de la mayoría absoluta del número legal de concejales. Si ningún candidato obtuviese esa mayoría, será proclamado Alcalde el concejal que hubiere obtenido más votos populares en las elecciones de concejales, excluido el Alcalde cesante.

5. La previsión contenida en el número anterior no será aplicable cuando la cuestión de confianza se vincule a la aprobación o modificación de los presupuestos anuales. En este caso se entenderá otorgada la confianza y aprobado el proyecto si en el plazo de un mes desde que se votara el rechazo de la cuestión de confianza no se presenta una moción de censura con candidato alternativo a Alcalde, o si ésta no prospera.
A estos efectos, no rige la limitación establecida en el apartado 2 del artículo anterior.

6. Cada Alcalde no podrá plantear más de una cuestión de confianza en cada año, contado desde el inicio de su mandato, ni más de dos durante la duración total del mismo. No se podrá plantear una cuestión de confianza en el último año de mandato de cada Corporación.

7. No se podrá plantear una cuestión de confianza desde la presentación de una moción de censura hasta la votación de esta última.

8. Los concejales que votasen a favor de la aprobación de un asunto al que se hubiese vinculado una cuestión de confianza no podrán firmar una moción de censura contra el Alcalde que lo hubiese planteado hasta que transcurra un plazo de seis meses, contado a partir de la fecha de votación del mismo.

Asimismo, durante el indicado plazo, tampoco dichos concejales podrán emitir un voto contrario al asunto al que se hubiese vinculado la cuestión de confianza, siempre que sea sometido a votación en los mismos términos que en tal ocasión. Caso de emitir dicho voto contrario, éste será considerado nulo."

Trala tramitación do oportuno expediente, o pleno municipal, en sesión extraordinaria realizada o 16 de abril de 2025 rexeitou a proposta de aprobación do Orzamento Xeral e cadro de persoal do Concello de Dodro para o exercicio 2025.

Pretende esta Alcaldía presentar unha cuestión de confianza vinculada á aprobación do asunto referenciado, motivada en que a xestión do equipo de goberno municipal se atopa comprometida debido á non aprobación do orzamento xeral para 2025 por parte do pleno da Corporación e ante a necesidade de rematar coa situación de

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+0JPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

incerteza que este asunto está a xerar, ao non poder resolver as actuacións que dependen da súa aprobación, provocando unha situación inconveniente e prexudicial para o interese colectivo.

Considerando que a xestión do equipo de goberno municipal se atopa comprometida debido á non aprobación do orzamento xeral para 2025 por parte do pleno da Corporación e ante a necesidade de rematar coa situación de incerteza que este asunto está a xerar, ao non poder resolver as actuacións que dependen da súa aprobación, provocando unha situación inconveniente e prexudicial para o interese colectivo, preséntase unha cuestión de confianza vinculada á aprobación do asunto referenciado.

Emitido informe de secretaría-intervención e de conformidade co disposto no artigo 197 bis da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, elévase ao pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a cuestión de confianza presentada entendéndose outorgada e, en consecuencia, aprobar inicialmente o Orzamento Xeral desta entidade para o exercicio 2025 vinculando dita aprobación á cuestión de confianza formulada, segundo o seguinte RESUMO:

ESTADO DE GASTOS

Capítulos	Denominación	Importe
	1. OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
	1.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	**1.053.667,25**
2	Gastos correntes bens e servizos	**1.458.655,84**
3	Gastos financeiros	**1.000,00**
4	Transferencias corrente	**81.725,68**
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	**0,00**
	1.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	**437.023,27**
	2. OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
9	Pasivos financeiros	**75.739,06**
	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	**3.107.811,10**

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+OJPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ESTADO DE INGRESOS

Capítulos	Denominación	Importe
	1. OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	
	1.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	**403.340,07**
2	Impostos indirectos	**70.000,00**
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	**486.397,48**
4	Transferencias correntes	**1.771.503,59**
5	Ingresos patrimoniais	**0,00**
	1.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Alienación de investimentos	**0,00**
7	Transferencias de capital	**376.569,96**
	2. OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
9	Pasivos financeiros	**0,00**
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	**3.107.811,10**

De conformidade co establecido no artigo 197 bis apartado 5 da LOREG, **entenderase outorgada a confianza e aprobado o orzamento,** se no prazo de un mes dende a votación do rexeitamento da cuestión de confianza non se presenta moción de censura con candidato alternativo, ou se esta non prospera.

SEGUNDO.- Aprobar, igualmente, as Bases de execución do dito orzamento.

TERCEIRO.- Aprobar o Cadro de persoal e o seu anexo, que se transcriben:

A)POSTOS DE TRABALLO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA					
1.-ESCALA DE HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL:					
DENOMINACIÓN	**PRAZAS**	**GRUPO**	**SUBESCALA**	**NIVEL C.D.**	**SITUACIÓN**
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	1	A1	SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	28	PROPIEDADE
2.-ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL:					
DENOMINACIÓN	**PRAZAS**	**GRUPO**	**SUBESCALA**	**NIVEL C.D.**	**SITUACIÓN**
ADMINISTRATIVA	1	C1	ADMINISTRATIVA	20	VACANTE, CUBERTA POR FUNCIONARIA INTERINA

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+0JPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ENCARGADA BIBLIOTECA	1	C1	ADMINISTRATIVA	22	PROPIEDADE
AUXILIAR	1	C2	AUXILIAR	16	VACANTE, CUBERTA POR FUNCIONARIA INTERINA
3.-ESCALA DE ADMINISTRACION ESPECIAL:					
DENOMINACIÓN	**PRAZAS**	**GRUPO**	**SUBESCALA**	**NIVEL C.D.**	**SITUACIÓN**
TÉCNICA	1	A2	TÉCNICA	24	PROPIEDADE
TRABALLADORA SOCIAL	1	A2	TÉCNICA	23	PROPIEDADE

B)PERSOAL LABORAL FIXO		
DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	**PRAZAS**	**OBSERVACIÓNS**
OFICIAL CONDUCTOR	1	EN PROPIEDADE
OFICIAL ELECTRICISTA	1	VACANTE
AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	3	EN PROPIEDADE
EDUCADORA FAMILIAR	1	EN PROPIEDADE
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	EN PROPIEDADE
OPERARIO DE SERVIZOS VARIOS	3	2 EN PROPIEDADE 1 VACANTE
LIMPADORA	3	2 EN PROPIEDADE 1 VACANTE
CONSERXE-LIMPADORA	2	EN PROPIEDADE
CONSERXE POLIDEPORTIVO	1	EN PROPIEDADE
TÉCNICO DEPORTIVO	1	EN PROPIEDADE
ANIMADORA CULTURAL	1	EN PROPIEDADE
AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	EN PROPIEDADE
ORIENTADORA LABORAL	1	EN PROPIEDADE

CUARTO.- Proceder á súa exposición ao público polo prazo de 15 días hábiles desde a publicación no BOP para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no artigo 169.1 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e o artigo 22.3 do Real decreto lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei xeral de estabilidade orzamentaria.

QUINTO.- No suposto de non presentarse reclamacións, estes consideraranse definitivamente aprobados, sen necesidade dun novo acordo plenario. A súa entrada en vigor farase efectiva a partir da publicación da aprobación definitiva do resumo por capítulos do Orzamento e do Cadro de persoal no BOP, de acordo cos artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+0JPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Dodro, documento asinado dixitalmente
O alcalde,
Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"En principio, como é unha cuestión de confianza vinculada ao orzamento que xa foi discutido no seu momento no pleno ordinario do mes de maio, pois vou a dar un turno a cada portavoz para que fagan as súas apreciacións sobre a cuestión de confianza. Portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Bo día. Bueno, non moito que dicir, é un mecanismo co que se conta na democracia, se non se poden aprobar as contas ou o orzamento disponse de esta cuestión de confianza, so que , como é lóxico, nós solicitamos aprobar a cuestión de confianza. Se non é así, xa se, a lei tamén di o mecanismo que hai que seguir. E nada máis."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bos días. Se hoxe estamos aquí, é porque o señor Vicente equivocouse ao levantar a man, e o señor Castro nesta ocasión, non queixo esperar máis. Moita presa é a que ten por subirlle o salario a quen non ve nada ente toda clase de corruptelas e incumprimentos das máis elementais normas que deben rexer nun Concello. Pero isto non é que o diga eu, é que a misma secretaria o recoñeceu cando non lle quedou máis remedio que decir que non é normal que no se tivera feito a contratación do servizo de asistencia no fogar en 6 anos. Bueno, tamén hai que dicir que ese recoñecemento foi despois de que esgotara todos os intentos por botarlle a culpa á traballadora social por ter collida en varias ocasións a baixa. E é que a baixa laboral, polo que parece, só está aconsellada para algunha persoas, non para todas. Pero isto, non é máis que unha mostra de todas as corruptelas que se levan facendo, a pesar de que teoricamente debe de haber un control e fiscalización. Pagar 100.000€ sen estar fiscalizados, abrirlle un expediente á súa tía materna co único fin de ver cumpridos os seus desexos de venganza, permitir a construción ilegal dun antro que algún quere chamalo auditorio e deixar aos veciños sen local. Axudar para que se faga un recheo de 8.000metros cúbicos con refugallos contaminados. Mentor para que o seu amigo faga favores a conta do monte de Reboiras. Asfaltarlle as entradas ás parcelas ou formigonarlle os arredores da casa dos seus amigos. Pagar cos cartos dos veciños as obras de saneamento e abastecemento de auga a quen ten a obriga de fiscalizalo para a humillación de todos os veciños de Dodro. Conceder licenzas despois de que as obras foron denunciadas. A senda de mobilidade que nin é senda, nin sirve para mobilidade. A auga que entra no polideportivo, aínda máis dende que se fixeron as obras. O seu antollo por asfaltar unha pista forestal dende Lestrobe ata o Santiaguiño. As acudas que nunca dou ás familias, ao contrario do s miles de euros que destina para publicidade e prensa. As subvencións que tivo que devolver, nada máis e nada menos que en servizos sociais, por non ter nin a máis*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+0JPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

mínima idea de xestionar nada, pero que responde perfectamente so perfil de quen se fixo pasara toda a súa vida por controlador aéreo por vergonza a que a xente supera que se adicaba a tarefas de mantemento. O centro social de Lestrobe. O aumento absolutamente inxustificado de algúns postos de traballo, co trato absolutamente discriminatorio a aqueles que non pensan como vostede, recórdolle onde está a secretaria coa que inicio vostede o seu goberno aquí en Dodro, en Boiro, casualmente. E así poderíamos estar horas e horas, pero todo isto non podería ser posible."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non, non pode estar horas e horas porque ten un tempo limitado, recórdolle."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Pero todo isto non tería sido posible se non fose polo señor Vicente, sentido, esa persoa que lle gusta moito dicir que hai que facer política, dicir que el fai propostas, que el negocia...Pois acabo de facerlle un brevísimo resumo de onde nos levou aos de Dodro, eso que vostede define como facer política. Vostede non fai política, vostedes arrástrase ao s pés do señor Castro e compañía. Vostede leva chorando dous anos a ver se lle deixan unha migallas , sen importarlle nin o máis mínimo as persoas de Dodro, non o máis mínimo. Non hai máis que ver a súa actitude ante a desfeita do recheo de Bexo, porque se a vostede lle importara ago este Consello, este pleno xa non tería que terse celebrado, porque se a vostede lle importara algo, vostede xa tería ter asinada a moción de censura, absolutamente necesaria par impedirlle ao señor Castro e á súa compañía, seguir a facer dano ao noso Concello. Pero é que é visto que vostede tampouco coñece ningún límite, ata quizá, o mellor é esperar que siga vostede con esa actitude, absolutamente cínica e hipócrita e poidan os veciños de Dodro, lembrar á persoa que máis dano está a facer ao concello de Dodro, para que con sorte, non se volva a repetir. Porque en vostede a política é mentira, todo é falso. Presentouse vostede para alcalde e o primeiro que fixo foi renunciar, non lle saíron os números e non ten valor. Vostede non é ¡un valente, porque vostede non sabe o que habería que facer en Dodro e ten medo, medo a que outros lle digan o que ten que facer, medo porque é incapaz de defender as súas pretensións e medo, porque sabe que nunca terá o apoio da maioría dos veciños. É vostede, o mellor aliado para a corrupción e tamén así será recordado, vostede e o seu partido."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, gracias. Señor alcalde, o procedemento que vai seguir vostede para a aprobación do novo orzamento é legal, pero sendo legal, non é o procedemento máis natural ou democrático para a aprobación dun orzamento. Un orzamento, debería polo menos, vir avaliado como mínimo, pola maioría simple dos representantes dos veciños e veciñas de Dodro, que estamos aquí sentados. Señor alcalde, o que revela a utilización de esta fórmula é a súa incompetencia e incapacidade para convencer á maioría desta corporación con respecto dad bondades ou vantaxes deste orzamento que vostede presenta. Non, non ten a nosa confianza, nin*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+0JPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

vostede, nin o orzamento que presentan, porque é un orzamento baldío, sin nada novo para Dodro, sen inversións, sen axudas para os rapaces e rapazas que destacan no deporte, sen axudas para as comisións de festas, sen axudas á escolaridade, sen actividades e novos servizos para a veciñanza, etcétera, etcétera, etcétera. Poderíamos seguir aquí moito tempo con esta relación de cousas que vostede no fai. Un orzamento que Dodro non merece, que nós non imos a apoiar. Recordámoslle ademais que esta fórmula excepcional de aprobación dun orzamento dende unha posición en minoría, non pode empregarse no último ano do mandato, no cal cabe concluír que no ano 2027, se vostede non corrixe a súa incapacidade para recadar pois, terá que prorrogar os orzamentos e deixar a Dodro sen orzamentos actualizados. Pretende vostede aprobar un orzamento dende unha posición en minoría, gracias a unha formula legal excepcional, pero deixa vostede claro que está nunha posición moi precaria neste pleno. "

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, moitas gracias. Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Bos días a todos, antes de empezar, voulle dicir aquí ao portavoz de Xente de Dodro que parece ser que a moción de confianza, croa que errou o tiro, porque el presentou unha moción de confianza contra aquí, contra o portavoz da Unicidade Veciñal de Dodro, recordarlle que na Unidade Veciñal de Dodro, somos dous concelleiros, non sei no seu grupo cantos concelleiros son,m pero aquí somos dous concelleiros, non é unicamente o señor Vicente, somos dous e o nos grupo réxese por asemblea. Todo o que se decide, non o decide o señor Vicente, decídeno todos os compoñentes da asemblea. Vostede eso non o entende, parécelle que todo é coma en Xente de Dodro que é o que vostede diga. E dígolle outra cousa, aquí agora mesmo o mellor aliado que ten o PSOE é vostede, vostede, porque que o PSOE o teña a vostede aí nese grupo, xa o PSOE sabe que no va haber acordo. O problema é vostede e vostede é o mellor aliado do PSOE, agora mesmo.*

Bueno, vou empezar coa miña exposición de motivos, vou a facer un pequeno resumo das negociacións que tivemos a Unidade Veciñal de Dodro co PSOE, vou empezar por aí. Dende o ano 2023, para entrar no goberno, entre outras e as últimas para tentar aprobar os orzamentos de 2025.

No mes de xuño de 2023. pouco despois das eleccións de maio, iniciamos conversas para intentar formar goberno, nas que os únicos que levamos propostas, fomos nós. E fomos nós, os únicos que levamos as negociacións nun acordo programático, que constaba de 20 puntos, onde se relataban as medidas a tomar polo acordo de coalición. O PSOE, non presentou daquela ningún texto alternativo, limitándose a facer ver a constitución do goberno, según eles. Daquela á Unidade Veciñal de Odro, adxudicábanselle as concellerías que xa tiñamos no anterior goberno. Nós pedíamos que a concellería de servizos sociais, tiña que estar dirixida por unha concelleira a tempo completo debido ás necesidades deste servizo para dar unha mellor asistencia ás veciñas de Dodro e

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+0JPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

que tiña que ser da Unidade Veciñal de Dodro, non houbo acordo, o PSOE, non vía necesario que os servizos sociais foran atendidos a tempo completo por unha concelleira. No acordo solicitabamos que se revisaran cada ano para valorar se cumprían os mesmos. Non tivemos resposta e convocouse o pleno de Constitución, onde o PSOE se comprometeu a gobernar en solitario. E chegamos ao pleno de aprobación dos orzamentos, onde despois dunha negociación onde a Unidade Veciñal de Dodro, outra vez, presentou unha proposta de acordo, despois de que o goberno nos entregara un borrador de ingresos e gastos. Non foi posible o acordo polo seguintes motivos:

A Unidade Veciñal de Dodro, propoñía unha serie de actuacións que tiñan que ser realizadas dentro do ano 2025, o ano dos orzamentos precisamente. A contestación foi que non estaban de acordo coas limitacións temporais e contestaron con outro documente onde as nosa peticións, en tema de espazos públicos, foi contestada coa creación dunha comisión que permitira elaborar un modelo de esparexemento, unha comisión.

A cuberta so parque infantil da praza do concello, or exemplo, sería realizada, previa consulta coa veciñanza, non sabemos se nun referendo ou como fai o alcalde habitualmente, chamando por teléfono a alguén, o resto das actuacións, eran respondidas coa frase : "Tan pronto sexa posible ou se é posible", ningún compromiso. Tamén se nos dixo que as nosas peticións eran imposibles de levar a cabo pola falta de diñeiro ou como di o tenente alcalde, por falta de morrillo. Como vai haber diñeiro, se a obra máis importante en moitos anos que se está a facer actualmente e que vai a ser a empresa máis grande do Concello, non paga practicamente ningún imposto de obras?

Cando no anterior pleno, preguntamos ao alcalde por escrito, para que se lle, para que lle dera tempo precisamente e estudar a documentación por este asunto, contestou que non sabía que puido pasar e que xa nos contestaría por escrito. A día de hoxe, aínda non sabemos nada. Nós a documentación, si a estudamos e non hai ningún título habilitante das obras.

As actuacións que solicitamos durante as negociacións para aprobar os orzamentos foron as seguintes:

A área recreativa do bosque, que ía a ir no POS 2026, non iría incluído nos orzamentos.
A área recreativa na praza do Concello, tamén iría no POS 2026.

Tampouco a rehabilitación do lavadoiro de Catro, nunha liña de subvencións da Xunta, só había que pedir a subvención.

A rehabilitación do parque do Pexegueiro sería con elementos de outro parque, cero euros.

O Plan de limpeza de espazos públicos e pistas municipais, facelo público, cero euros.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+OJPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

A biblioteca viaxeira, a bibliotecas itinerantes polas aldeas. Facer unha biblioteca de de madeira de 1 metro de alto por 50 de ancho, para compartir libros, com máximo 500€.

Descentralización das actividades culturais e deportivas, volver con actividades ás aldeas, cero euros.
Recuperación do castro de Traxeito, que é de propiedade municipal, cero €.

Os eucaliptos da CROA pagarían a actuación e alinda sobrarían cartos.

Sinalización do castro de Lestrobe, sinais en Lestrobe, panel informativo 2.000€.

Programa de madrugadores no CPI e CRA de Dodro, para facilitar a conciliación familiar, depende dos nenos que se inscriban, non sabemos a onde chamar, canto custa, onde haio que apuntarse, xa que o concello non da esa información.

Sendas do río das regañada, permisos de Patrimonio e Augas de Galicia, concedido, proxecto realizado, arredor de 7.000€.

Rehabilitación da ruta de Lestrobe, repoñer poste de sinalización e panel de informativo, arredor de 1.000€.

Modificación do PXOM e corrección de erros, iniciar o procedemento.

Eliminar os 15.000€ adicados a publicidade e propaganda e invertelo nas comisións de festas e nos deportistas, tal e como se aprobou no Plan estratéxico de subvencións. En total arredor de 12.000€ que supón menos morrillo do que se gastan en propaganda publicidade o actual goberno.

E agora, nos piden a confianza parta seguir gobernando. Que fixo o actual goberno do PSOE de Doro para merecer a nosa confianza?

Voulle dicir o que levabamos feito os concelleiros da Unidade Veciñal de Dodro, áreas de deportes, emprego, educación, cultura e patrimonio cando estabamos no goberno, xunto co PSOE e o BNG, nos primeiros dous anos, en plena pandemia e coa actividade moi restrinxida, fixemos a normalización das relacións coa comunidade educativa totalmente rachadas polo anterior goberno do PP.

Rehabilitación das escolas unitarias e sede do CRA e varias reunións cos responsables da Xunta de Galicia para a rehabilitación do CPI.

Folletos informativos sobre seis rutas polo concello en colaboración coa Deputación da Coruña.

Realización de diversas rutas para dar a coñecer o noso Concello, as rutas os días olvidados na semana do Premio Eusebio Baleirón que se veu facendo tódolos anos, con Manolo Lorenzo de guía, tamén se fixo a ruta Pensa Nao.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+0JPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Iniciamos o proceso de doazón do Hórreo do Arco e que posteriormente se restaura no ano 2020.

Reunión co vicepresidente da Deputación da Coruña, Xosé Regueira, para conseguir a financiación da posta en valor do petróglifo da Bouza Abadín.

Presentación do libro O son do pobo, sobre os músicos de Lestrobe no palacio.

Recuperación da carreira de Lestrobe, previa reunión cos veciños.

Reunión co secretario xeral de política lingüística para tentar recuperar o convenio para o Premio Eusebio Lorenzo Baleirón .

Recuperación das reunións coa Fundación Rosalía de Castro, rachadas polo anterior goberno do PP de Dodro.

Reunión en Rianxo con Adolfo Muíños para incluír o Castro de Bexo, no parque arqueolóxico da cultura castrexa.
Reunión, na Deputación da Coruña con Xosé Regueira, vicepresidente da Deputación da Coruña para incluír o Castra de Bexo no parque arqueolóxico da cultura castrexa, finalmente, foi incluído.

Presentación do número 4 da revista de Estudos Rosalianos, Follas Novas, no Palacio de Lestrobe, financiada polo concello de Dodro.

Publicación do libro, Os señores de Bouza Abadín e presentación en Imo.

Publicación do libro Patrimonio etnográfico do concello de Dodro e presentación n a Eira de Traxeito.

Propostas de exercicios físicos para o confinamento, dende o departamento de deportes.

Endorfinas culturais para o confinamento, fórmulas para transforma e enriquecer o tempo libre das familias proporcionando unha escolma de recursos culturais e educativos en liña.

Servizo gratuíto de descarga e impresión de tarefas escolares, por parte da concellería de educación, durante o confinamento.

Creación dun Boletín semanal de ofertas de emprego, en colaboración co Programa Integrado de Emprego, foi suprimido co actual goberno.

Recuperación do Festivalo.

Creación do Manifesto en defensa do Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, que asinaron 160 personalidades do mundo da cultura, escritores, académicos,

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+0JPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

profesores da Universidade e de ensino medio, artistas e activistas culturais.

Instalación a principios so 2020, de dous desfibriladores semiautomáticos, un no polideportivo e outro no Campo de Chenlo.

Creación da subvención a deportistas no Plan estratéxico de subvencións.

Caixas de material deportivo nas pistas de Lestrobe e Bexo.

Creación de Dodro saudable, en colaboración do centro de saúde de Dodro.

Sinalización dos principais elementos patrimoniais do concello.

Que fixo o actual goberno nestas concellerías, nas de educación, depores, emprego, cultura e patrimonio nestes dous anos de goberno? Se fixeron algo non se veu. So se dedicaron a xestionar a rede cultural e seguir con algunha actividade que puxo en marcha o concello de Dodro, como o Festival Atlántica. Outras que estaban en marcha ou proceso de contratación, non se seguiron e deixaron morrer nun caixón. Que fixo o alcalde nos últimos dous anos? Sabemos con quen se reuniu? Mentres que outros alcaldes publican semanalmente nas redes sociais, todas as reunións que teñen coas diferentes administracións, con fotos e os temas a tratar, alguén veu a este alcalde reunido con alguén nestes últimos dous anos, para tratar temas fundamentais para o concello de Dodro? Eu non vin ningunha.

E actualmente a situación é a seguinte. As obras privadas sen licencia, son habituais e nas que solicitan licenza non se seguen para comprobar que se axustan ao proxecto presentado. Dinos o alcalde que é debido a que non temos arquitecto titular no Concello, pero a verdade é que actualmente temos dous arquitectos traballando nas oficinas, un que tramita obras menores e outro en comisión de servizos do concello de Teo que fai informes sobre as obras maiores e licenza de obras, por falta de persoal non é , o que falta é vontade de traballo por parte dos políticos que mandan e que fan que o imposto de construcións e de obras, polo que se pode financiar o concello non recade o adecuado. Despois queixámonos que non hai diñeiro nas arcas e que non temos grandes empresas que nos financien, normal.

Mentres que as obras privadas non se cumpra co deber de vixilancia que teñen os políticos, nas obras públicas pasa outro tanto. Na senda ciclista que ía a ser a obra máis importante do concello e unha referencia da comarca, segundo o alcalde, a obra non se axustou ao proxecto, xa que non existen as bandas de protección de un metro para os ciclistas , na maioría do percorrido, que era a principal característica desta senda. Os badéns tiveron que facelos dúas veces, xa que os primeiros tampouco eran os que indicaban no proxecto e non houbo ninguén no concello que vixiara a obra, os que se fixeron definitivos, son unha autentica trampa para ciclistas, sen que ninguén poña remedio ata que pase algo. Na obra so cambio de cuberta do polideportivo, orzamentada en case 80.000€ que foi tramitada a través dunha subvención de cooperación local, fíxose

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+0JPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

por 60.000, pero sen cambio de canalón, sen panel sándwich, sen toda a cuberta, sen todos os paneis translúcidos, tal coma di o proxecto aprobado e que durante as chuvias intensas que se deron fai uns meses, fai que a auga entre nas pistas, nas bancadas e mesmo encima do cadro de electricidade. E non só o dicimos nós, a secretaria do Concello emite un informe de reparo suspensivo no que detalla todo isto e fai indicar o motivo de perda da subvención con este tipo de obra. Este goberno, para subvencionar a entrada de auga debido ao mal estado dos canalóns, o único que se lle ocorre é facer buratos nos mesmos para que desauguen mellor, unha metáfora do actual goberno. O resto das obra públicas, as do Pos maioritariamente, tampouco se seguen nen vixían e nalgunha delas non se compren tampouco as directivas de patrimonio e estamos expostos a posibles denuncias.

No hórreo do Arco, de propiedade municipal, non se segue un plan de limpeza periódico e fai que os numerosos visitantes se leven unha mala impresión do Concello que reflexan nas redes sociais e que se poden ver aínda hoxe. Non hai ningún tipo de actuación nno mesmo para poñer en valor."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señor Vicente, leva vostede 12 minutos vinte e sete, quédanlle dous e medio."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Non hai ningún tipo de actuación no mesmo para poder, por exemplo, com folletos informativos que darlle aos visitantes. A xestión do polideportivo durante a ausencia do técnico deportivo, non existe directamente. Moitos días, a veciñanza, chega pola mañá e o ximnasio está pechado , sen ningunha explicación ou nota. O goberno limítase ás veces, a sacar unha nota nas redes, indicando que o servizo de deportes permanecerá pechado, sen indicar nin as horas, nin as datas. Lembrar que durante a concellería de deportes que tivo a Unidade Veciñal de Dodro, no pechou nin un solo día nin o polideportivo, nin o ximnasio, nin a sala multifuncións.*

Levamos case seis meses sen páxina web, non temos explicación ningunha do motivo, por parte do goberno nas redes sociais, ou nas redes sociais, en ningún medio ao que se lle paga ben. A páxina web é fundamental por varias razóns que afectan tanto á transparencia institucional como a calidade de vida da veciñanza.

O concello de Dodro está gastando actualmente, grandes cantidades de diñeiro en publicidade na prensa, como en xornais e radio, sen ao ver da Unidade Veciñal de Dodro, ningún retorno á veciñanza, entendendo que se fai so para que non falen mal de un, o que se chama comprar a prensa, sen ningún tipo de contratación fiscalizada e controlada pola administración. A Unidade Veciñal de Dodro presentou unha proposta en xuño de 2024 para reducir o gasto económico en prensa e contratar a creación e posta en funcionamento dunha páxina web corporativa que se aprobou co voto do PSOE, cinco meses despois, pechou a páxina web e cinco meses despois, seguimos esperando a que se cumpra o que se aprobou naquel pleno. As notificacións telemáticas da veciñanza non se atenden, ou si se atenden, pasan meses sen facelo. Moita xente xa non fai

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+OJPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

notificacións dende a sede electrónica porque non teñen contestación e prefiren ir ao Concello en persoa, pedindo hora no traballo para trámites que se podían facer telematicamente, mesmo este concelleiro, nas peticións de documentación para desenvolver o seu traballo, ten que esperar máis de dous meses para a súa consulta. A aplicación Liña verde, tampouco se atende, ou esta é a impresión da veciñanza, xa que si se contesta é cun simple mensaxe pregravado que sempre é o mismo, recibido, moi poucas veces ou case nunca, o estado cambia a solucionado.

Unha das actividades, durante o goberno tripartito, foron as chamadas reunións informativas coa veciñanza."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas señor Vicente, rematou o seu tempo."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Quedan trinta segundos."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Ten vostede un segundo turno, qeu se quer vostede gastalo para eso, se non vamos a estar aquí toda a mañá. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si, bos días, intentarei ser breve que no quero que isto sexa unha operación triunfo. Vamos a ver, o BNG neste punto que é Cuestión de confianza vinculada á a aprobación do orzamento xeral municipal para 2025, 3.107.000€, vaino a resumir centrándose no que é realmente o punto, é dicir, como empezou o BNG, pois como acabou o pleno ao que foron os mesmos orzamentos, o BNG non ten ningún interese en paralizar o b¡goberno, nin en paralizar Dodro e así nos seguimos manifestando. Somos consecuentes na oposición e fómolo no goberno. Había que licitar a unha empresa para atender á xente que no necesita, no o fixo o PSOE cando llo dicía o BNG e tróuxose aquí a ansiada licitación, tarde, pero fíxose e polo tanto, como imos votar en contra do que nós aprobamos e do que a xente precisa? O BNG, apostou sempre por un modelo municipal cunha relación de postos de traballo ben dimensionada. E así se ten agora, grazas tamén ao noso apoio e tamén, segundo manifesta a representante do persoal municipal. Pedimos xa ao goberno do PP, no ano 2018, un posto de arquitecto que agora terá o Concello de Dodro, grazas á nosa insistente petición e que aledará á veciñanza e máxime, cando estamos seguros de que unha praza de arquitectura no cadro de persoal é moi esperada pola xente e ao mesmo tempo, este novo servizo, aforraralle cartos ao concello de Dodro, pois a iso tamén votamos a favor, como imos votar agora en contra do que necesita Dodro? Vemos outra vez, nos orzamentos municipais distintos do PP, leva as modificacións propostas polo BNG de aumento de subvencións, dentro das posibilidades que hai, ou axudas a entidades como o Clube Deportivo de Dodro, AMIPA, entre outras, quen vai a votar en contra destas axudas? O BNG, dende logo, está a favor de axudar a estes colectivos. Estamos vendo novos asfaltados en quente polas aldeas, por se máis duradeiros e que a xente nos recoñece que é un acerto, O BNG, desde logo,*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+OJPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

aposta por desenvolver este tipo de políticas por ser todo o municipio, quen se atreve na oposición a votar en contra? Desexamos que, iso si, os próximos orzamentos teñan tamén en conta as propostas que o BNG lle faría. Está gobernando o Partido socialista en minoría, sabémolo, é o que decidiu, pero temos diante este punto e nós reiteramos o noso apoio , para que este orzamento, e polo tanto Dodro, siga adiante."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Eu vou contestar aquí, un pouquiño así por encima, entendendo que o orzamento, repito, é o que se presentou, pero vamos a ver, non podo pasar por alto as mentiras que aquí do o portavoz da agrupación política Xente de Dodro, porque vir aquí, sentarse, ter un micrófono diante e poñerse a dicir mentiras é, bueno, é ao que nos ten acostumados , tampouco é unha cousa que nos estrañe excesivamente a nadie, non? Meter cousas particulares dos que estamos aquí sentados, me parece dunha indignidade e de unha falta de respecto e de educación digna. Síntoo polos seus compañeiros de partido que están sentados con vostede. Ter que aguantar e levantar a man, na misma situación que vostede ten que ser bastante incómodo, a verdade é que, parece mentira.*

Por outro lado, á portavoz do Partido Popular, se é legal é democrático, porque recórdolle que as leis que nos dotamos todos, son as que nos dotamos para convivir. Se este procedemento está contemplado pola lei, é un procedemento democrático, entonces, intente utilizar a linguaxe para non engañar a ninguén, ou polo menos para non inducir a erro, non?, porque a min, ao mellor non é o que máis me guste, a conformación deste pleno municipal, con tanta, como se di?, con tanta variedade, non? Pero, bueno, é o que hai, o que os veciños de Dodro nos mandaron aquí a nós, para que nos puxeramos de acordo, non?, a veces conséguese, outras veces non se consegue, entendo que neste punto no se conseguiu e por eso este alcalde, trae aquí o que trae, non? Entonces, bueno, pois dicir que vostedes, son ou foron, como digo eu, un modelo de xestión que durante os oito anos que gobernaron, recordo, 2011-2019, pois mire, vostedes non invertiron nin un so euro en vehículos nin en maquinaria neste concello durante 8 anos, vostedes deixáronnos a este concello, a este goberno e ao que veña, súas ordes de derribo de dúas casas en Imo, por un problema urbanístico xerado por outro goberno do PP, si señora, anterior a vós, a vostedes, digo vostedes, en plural, e a unha solución que vostedes propuxeron a modificación urbanística que finalmente non serviu, hasta foi mal levado o caso. Temos dúas casas pendentes de derribo e un convenio de uns 160.000 euros que vai a acabar pagando este Concello, tamén llo digo porque igual ven a este pleno nesta lexislatura. Falan vostedes de que non invertiron un solo euro en Servizos Sociais, tampouco invertiron que deixaron sen renovar no ano 19 o contrato para xerar un problema ao goberno que viñera. Quero dicir, que ao final, vir de boa xestión, despois de oito anos, de haber perdido unhas eleccións, igual non é o máis apropiado. Xa demostraron vostedes a boa xestión cando veñan. Nós reformamos a depuradora de Vigo... Bueno é igual, fixemos moitas cousas en estes seis anos que levamos gobernando.

Ó portavoz da agrupación política Unidade Veciñal de Dodro, si efectivamente

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+0JPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

estivemos en negociación con vostedes como vostede moi ben dixo. Lamentablemente, non chegamos a acordos, eu sigo pensando que non chegamos a acordos porque vostedes non quixeron, porque o que parece claro é que decir que o que se presenta a negociación é unha serie de peticións, algunhas delas sin valorar porque vostede dixo moi ben, dúas modificacións do PXOM, pero non dixo canto custaban. Dixo vostede grandes cantidades de diñeiro en publicidade, non son grandes cantidades de diñeiro en publicidade. Vostede dixo unha serie de custos que estableceron vostedes, bueno, moi demasiado alegremente, nós, en todo caso, nesas negociación, xa que vostede as trae aquí, tamén, dicirlle que o noso compromiso era de sacar este orzamento adiante, porque hai unha necesidade urxente de unha contratación importantísima, para os veciños e as veciñas de Dodro que son usuarios do servizo de axuda no fogar, e a contratación de un arquitecto, recórdolle, que tamén se queixaba vostede, dicía que temos traballadores, mire, temos un aparellador a tempo parcial para obras menores, perdón, un día á semana, e temos un arquitecto que compartimos con Teo, que recórdolle, está ao cen por cen, no concello de Teo, e a maiores, nun porcentaxe que lle permite a lei, bótanos una man, non están traballando para nós ao cen por cen, entonces, todo esto, fai falta diñeiro, fai falta decidir en que se gasta. Para nós, as prioridades son estas, para vostedes son outras. Tamén, xa vexo que aproveitan este pleno para facer un pleno sobre o estado do Concello, que eu lembro que aquí no ROM, pero bueno, neste caso, neste ano 25, xa o podemos dar por feito porque basicamente é o que estamos facendo, debater sobre o estado do Concello.

Entón, dito esto, pos bueno, ao portavoz do BNG, agradecerlle, o que dixen o outro día non pleno e vamos a tirar para diante con esto e seguir co pleno. Unha segunda volta, portavoz do Partido Socialista de Galicia."

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Mira quen fala, o voceiro de XD, despedimentos, expediente, amedrentar aos funcionarios e todo iso. Iso teno o actual voceiro de XD, di de non falar da vida particular, pero é o primeiro que se lle vai a el, a falar da súa vida particular, aquí anoxouse, ou algo así, un día que falaron dunha senda, unha señora, pasear un perrito e xa o tipo se puxo nas... Pero bueno, creo que non é meterse con nadie, na vida particular, el si que se mete na vida, fai certas afirmacións que as tiña que, que as consulte a ver se é verdade, se ten os seus cauces para denunciar, que vostede en eso si que está moi acostumado. Pero como xa lle dixen noutra ocasión, tantos expedientes xudiciais e todo eso, ao final, o único que conseguiu , foi unha repetición dunha votación, non dun pleno, eso foi , e todo o demais, a incurrir en gastos ao concello, porque o concello ao final tiña que pagar. Se saíran do seu peto, seguro que non había feito esto. Pero vostede está moi acostumado. Ven aquí a Dodro a pasearse, está en Padrón, o "costalero maior", coas súas túnicas e todo eso. E mire, todo eso que levou, levounos a gañar as eleccións ao PSdG, e a vostede a perdelas e confiamos e case che podo asegurar que vostede non volverá a gobernar en Dodro. Despois, quero dicir que fala moito nas redes socias, co nome do partido, da a agrupación , este pleno, o dos 600 euros, 600 euros que lle costa ao Concello este pleno, foi conta súa, vostede foi o único que dixo que non lle, por un documento que faltara, de repetir esta pleno, pero foi*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+0JPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

eso. Cando foi da DANA e todo eso, tamén foi o primeiro en dicir que os cartos que cobrabamos por asistencias aos plenos, que non se ían a pagar, non, nótase a súa capacidade económica que ten home!, xa vexo que ven moi traxeado, moi..., claro. E mire, de todas esas afirmacións qeu di, do recheo de Bexo, que bueno, a denuncia estará donde sea, por moito que vostede patalee irá ao seu término, non? A senda de mobilidade, se se fai, tal e coma pon no proxecto, pois claro, que haberá algún inconveniente por algunha cousa?, pois claro que si. O polideportivo, o polideportivo fíxose coa cantidade que realmente é o que tivemos, que se non, coma dicía o portavoz de Unidade Veciñal, falta morrillo, para facelo todo como ten que facelo. De todas formas, vaise reparar, as chuvias foron fortes e todo eso. O recheo de Reboiras, patalee o que queira, pero ten todas as autorizacións , xa sabemos que anda vostede por detrás, como anda detrás do retablo e todo eso, coma vostede non o fixo, ...vostede sempre o sabe facer ben, facer ben as aceras, e desmantelar a casa do regadío...e todo, todas esas cousa sábeas facer, botarlle unas caldeiros de masa e pavimentarlle ata as casas sos outros, cúlpanos a nós, vostede mire na súa é poca de goberno todo o que fixo, é de dudosa legalidade certo, certo, pavimentación dalgunha cousa, dunha propiedade súa, ou polo menos da súa familia, eso xa é o primeiro. E bueno, a vostede non lle teño nada máis que dicir, xa se veu, a xente púxoo no seu sitio e nada máis.

Ao Partido Popular, bueno, temos as nosas discrepancias políticas, pero bueno, considero que máis ou menos, pódese falar, non coma con vostede, que abandonou o Partido Popular.

Da Unidade Veciñal de Dodro, bueno, non se chegou a acordo, coma ben dixo o alcalde, explicouno que tal, as súas peticións mantidas, non se tivo en conta, coma dixo o alcalde, non se tivo porque realmente cada día que pasaba, esa unha petición a maiores, e non se tivo en conta, tamén que había máis grupos políticos para formar un goberno, non só coa Unidade Veciñal, o PSOE e a Unidade Veciñal, non podían formar un goberno con maioría absoluta, había máis grupos políticos e algunha petición das que vostedes pedían, non lle encaixaban a outros grupos de goberno, entonces non sei como facía, e bueno, dicirlle tamén , os logros esos do PSOE, do PSdeG- PSOE, non interviña nada, só o fan eles, vostedes fixeron, só o fan eles, os outros nada.

O tema do arquitecto, xa qeu eu son o concelleiro tamén de ordenación do territorio e todo eso, urbanismos, nunha palabra, iba ligado ao orzamento, non? Se non hai orzamento, como podemos contratar a un arquitecto? O que me resulta chirriante, un pouco é o das obras, que son tamén concelleiro de obras e de patrimonio tamén, cargo que vostede ocupaba e que me diga que as obras non se ciñen ás directrices marcadas por Patrimonio, non sei cales son, pero bueno, xa me dirá.

Como dixo o alcalde tamén, ao BNG, agradecerlle as palabras que dixo e nada máis."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz da*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+0JPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

agrupación política Xente de Dodro."

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, en primeiro lugar, dicirlle ao señor Castro, non sei que entende el por galar e perder as eleccións, que eu sepa, no ano 2019, o Partido Popular gañou as eleccións, e no ano 2023, Xente de Dodro quitou 3 concelleiros e o PSOE quitou 3 concelleiros, si para vostede eso é gañar as eleccións, bueno. Sobre os temas persoais, mire, todas as cousas ás que me fixo referencia están documentadas na documentación do Concello, non son expedientes que estén fora do concello. O que é unha indignidade, o que é unha indignidade é aproveitar un cargo público para actuar contra unha persoa a que un non lle cae ben. Esa é a auténtica indignidade, unha indignidade é abrir un expediente urbanístico sen previa denuncia, sen previo informe, esa é unha indignidade e sobre as denuncias, direille que grazas a este partido, ese expediente quedou parado, quedou metido non caixón e non sigue adiante, sabe por que?, porque é un covarde que non se atreveu a seguir con el, porque sabía o que lle iba a pagar se seguía con el, e gracias a esa denuncia, o expediente que dou parado, e gracias as denuncias, este señor agora ten un auditorio, que lle chaman auditorio, que é ilegal. Di vostede que as nosas denuncias que non chegan a ningún sitio, sí que chegan, e moito, si que chegan, e moito. O que vostede terá que dar conta aos comuneiros destas dúas parroquias é de quen se fai cargo agora deses cartos que se inverteron nesa obra que é ilegal e que ten"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"O tema da comunidade, non se trae aquí, por favor, céntrese vostede, por favor, céntrese vostede no que estamos falando, por favor "*

Prodúcense varias intervencións de xeito simultáneo e polo tanto inintelixibles.

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Pero vostede é o alcalde?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señor Alfonsín, por favor."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Dirixe aquel o ?*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Manteña a orde, señor Alfonsín*"

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: "*Aquel*?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor señor Alfonsín. Por favor señor Vicente"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Joder!, dirixe este o pleno, agora?*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor señor Alfonsín, primeiro aviso, á seguinte, manteña a orde e a linguaxe."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+OJPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Fala vostede sobre o ROM, dobre o estado do Concello, pero, cando aprobou vostede o ROM e cantos plenos sobre o estado do concello convocou vostede? Pero cantos convocou,? Se non convocou ningún, se é vostede o que ten que aplicar o ROM, señor Castro. Se vostede, é que non cumple nin unha soa letra do que vostede aproba. Ese é o seu talente, eso é ao que vostede lle chama talante democrático e que é un talante totalmente autoritario, porque vostede é incapaz de incumprir, de cumprir, perdón, incluso o que vostede mesmo aprobou, pero non solo vostede, porque tampouco os que o apoiaron para aprobar eso tampouco piden nada. De todas estas cousas cantas dixen e argumentei, todas están documentadas, todas están documentadas. Sobre o señor Vice¡nte, mire, sobre a senda de mobilidade, fala, di que era a obra máis importante que quedou..., oiga!, pero vostede non tivo os planos antes?, vostede non conocía as pistas?, a vostede cabíalle a senda?. A vostede cabíalle a vía ciclista,?, pero é que non veu os planos antes?, pero si caía de caixón que eso o vía todo o mundo e tuvo que esperar a que se gastaran 130.0000euros para dicir: está mal feito!, pero é que seo xa se vía antes. Non teñen na asemblea a alguén, un técnico que lles vaia a botar o metro alí á pista para dicirlles que non cabe un carril bici a cada lado da pista. Fala vostede da cuberta do polideportivo, bueno, pero a cuberta do polideportivo é como todas as obras que se veñen facendo, pero, hai algunha que está ben feita?, pero canto tempo ten que pasar vostede, canto tempo ten que estar vostede revisando a execución deste goberno para darse conta que esto non é un goberno, que é un desgoberno, é que levamos xa dous anos e catro máis que hai atrás, canto tempo máis ten que estar vostede deixando que os veciños de Dodro queden sen servizos, quedan sen obras, é que non lle chegan dous anos? Fala vostede das obras, e impórtalle a vostede algunha vez cando lle retiran o servizo de asistencia no fogar aos veciños que quedan sin ese servizo? Cal é a súa actitude?, que proposta fixo vostede señor Vicente?,eso non o levan a asamblea?, eso non, os que quedan sen servizo, a vostede eso non lle importa. Preocúpalle a web, a web, eso é o importante, os veciños que quedan sen servizo , eses non, vostede quedou calado todo este tempo, polo recheo de Bexo, polas obras ilegais, por abrir expedientes a familiares sen mediar denuncia. Vostede queda calado absolutamente en todas e en cada unha desas ilegalidades e incumprimentos e vostede o que pretende é branquear unha actuación dun goberno que en nada se parece ao que debe ser un goberno normal"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señor Alfonsín, manteña, baixe o tono un pouco."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"E todo esto, falou vostede doce minutos"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, intente, intente un tono moderado, por favor."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Si, falou vostede doce minutos ou catorce minutos?"*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+OJPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Quince, quince"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Quince?, creo que non sei se levarei tres ou catro"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Cinco e medio"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Cinco e medio, mire, e todo iso, para que?, porque a cuestión é para que?, porque cando un fai un discurso, cando un trae argumentos, cando un fai unha crítica, deso tense que traer unha consecuencia, eso ten que trae unha consecuencia e vostede ven a criticar aquí, non un ano nin dous, vostede, uf!, o que trouxo vostede aquí para falar. E eso para que señor Vicente?, pois voulle dicir, para seguir no mesmo, eso si, que desde hoxe ata maio do 2027, aquí acabouse, porque non lle fan falta vostedes, nin ninguén máis, porque ata maio do 2027, este señor, xa o ten todo arreglado e vostede virá aquí a dicir: queremos negociar, e négase a negociar. Que negociou vostede en dous anos?Non hai máis que ver o Concello como está , eso é o fruto da súa negociación, eso é o que vostede fixo en dous anos, vostede coa súa axuda. Así temos o Concello, e o é todo grazas a vostede."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Grazas. Bueno, aquí non imos a falar da xestión de oito anos de goberno do Partido Popular, que bueno, ao goberno actual igual lle daba a risa, saben perfectamente o que había, como estaba o Concello e o que non temos agora. Quedou moi claro, porque asi o asumeu o señor alcalde, tamén o portavoz de Unidade Veciñal, que aquí o equipo de goberno, negocia porque está en minoría, non lle queda máis remedio que negociar, e bueno, negocian con quen lles deixa e algunha veces, Unidade Veciñal, votan a favor e danlle a razón e outras veces non, o BNG, dalle sempre a razón, logo aquí, ven e fala de que o Partido Popular, o Partido Popular..., cando estamos nunha cuestión de confianza co alcalde, non co Partido Popular. Queda claro que vostedes están en minoría, on tres, negocian con que lles peta, vamos a falalo así, pero aquí hai catro grupos, se vostede quixera mirar por Dodro e quixera mirar pola veciñanza de Dodro, intentaría, polo menos, falar con quen, con todos os grupos e intentar chegar a un consenso ou abrirse de miras. O que non pode ser é que chamo cando me convén e non chamo cando non me convén. Pero é que voulle a dicir catro cousas da súa xestión:*
Mire, servizos sociais é unha verdadeira vergonza, han pasado por servizos sociais, traballadoras sociais, innumerables, que ademais, as propias, elas mesmas, algunha dixo que aquí non aguantaba ninguén, intentar solucionar calquera papel nese departamento, un dos departamentos máis importantes do Concello, tes que pedir cita, danche cita para dentro dun mes ou mes e pico, incluso para falar por teléfono, porque nin sequera cando intentas falar por teléfono con servizos sociais, tamén che din que tes que pedir cita, algo incrible, e bueno, cun pouco de sorte, a ver se ao cabo de seis meses solucionas algo,

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+0JPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

que xa lle digo eu, que na maioría dos casos non é así.
Bótannos en cara que deixamos o servizo do SAF sen sacar a contratación, mire, a contratación que había vixente do servizo do SAF, venceu en xuño do 2019, e o Partido Popular, cesou en xuño do 2019, non pretenderían vostedes que lle deixaramos o traballo feito, porque se non, dirían que xa o deixaramos apañado durante non sei cantos anos para que vostedes non puderan facer, levan seis anos para sacar unha contratación, que recórdolle que veu ao pleno o outro día aínda, seis anos, éncheselle a boca ao portavoz do BNG que ademais, era o concelleiro de servizos sociais, era o que se tiña que encargar de sacalo e éncheselle a boca de dicir que bueno, que eles, o apoiaron, home! despois despois de seis anos e despois de ser concelleiro de servizos sociais, solo fastidiaría que vostede non o apoiara. Pero mire señor alcalde, a parte deso, mire:sacaron o servizo de atención psicolóxica, pedimos neste pleno, non sei cantas veces que o restituiran, é máis, unha das últimas veces, dixeron que tiñan unha subvención da Deputación e que o ían a poñer, levamos seis anos e seguimos esperando, paro a veciñanza queixase pola supresión deste servizo, porque ademais é un servizo prioritario para moitas familias de Dodro. Non atenden aos maiores, en Dodro, temos moitísima poboación envellecida e moitísimos maiores que viven solos e están sen atender, non teñen nin unha triste chamada de unha traballadora social unha vez cada dous meses, xa non pedimos máis.

Cultura, bueno, fan o premio de poesía, si, pouco máis, pouco máis temos en Dodro sobre cultura.

Deporte, bueno, pois a metade das veces temos as instalacións pechadas por un motivo ou por outro, que si se vai a porteiro, o outro día dixo que si o técnico de deporte está de baixa por paternidade, pero vamos, eso son cousas previsible, tiveron 9 meses para prever que o técnico deportivo ía a estar de baixa por paternidade, para cubrir aínda que só fora temporalmente esa praza, non, é mellor pasar a chave e aquí todos listos.

As cunetas, dan vergonza, pero en todo o Concello, que medra a herba, desde logo, pero o que non se pode facer é limpar as cunetas só unha vez ao ano, cando son as festas e aínda así, non en todas as aldeas, pero dígolle máis, a recollida de lixo, mire, tiñamos recollida de lixo tres días á semana, suprimiron os mércores, agora solo van dous días á semana, os contedores, votan por fóra, da igual que sean os verdes, que sean os amarelos, que sean os de cartón que sean os de vidro... veñen a recoller os de vidro, levántano, rompen, rompen todos os cristales, temos a aldea chea de vidros dende fai máis de seis meses, e vostede sabe a que aldea me estou referindo, en outra aldea, non recollen os contedores de aceite, que simplemente é facer unha chamada para que os veñan a recoller, as botellas de aceite no chan, consecuentemente caen, manchan todo de aceite e bueno, logo mandan vostedes a alguén con unha karcher a limpar a ver se lle da, que resulta que non teñen ningún produto e teñen que volver outro día, pero esto é na súa aldea. O outro día colgaron nas redes sociais "este venres por problemas técnicos, non hai recollida de lixo", levábamos xa , martes, mércores, xoves, venres, cinco días sen recollida de lixo, dixeron que intentarían restituílo

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+0JPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

para a semana que ven, chegou o luns, que é outro dos días de recollida de lixo, non había, as aldeas daban vergonza, pódolle mostrar fotografías, se vostede non se pasea polo concello, pódolle mostrar fotografías de todas as aldeas, que eso é unha verdadeira vergonza, a parte, facía bo tempo, co cal, o cheiro, as moscas...etcétera, etcétera, de verdade, é que non hai por onde collelo.
Non hai atención aos maiores, non teñen atención ás mulleres, fan a Fin de semana, si cobrando, manteñen eso porque as mulleres o reclaman, se non, nin eso.
Para os mozos, non hai absolutamente nada, para os mozos e mozas de Dodro, dende que vostedes están, non hai absolutamente nada, non hai un curso, non hai unha actividade, non hai un obradoiro, non hai formación, non hai absolutamente nada e para os nenos, fan os concilias con subvencións da Xunta de Galicia, da Secretaría Xeral da Presidencia de Igualdade, que vostede a semana pasada, recoñeceu neste pleno, que a subvención do ano pasado, tiveron que devolver 30.000€, porque non foron capaces de gastalos e recoñeceuno vostede aquí, a ver, é que non sei, faga consenso cos catro grupos da oposición e dicímoslle en que os pode gastar, porque non é normal que un alcalde diga que tiveron que devolver 30.000 euros dunha subvención de corenta e pico mil euros porque, bueno, foron moi altruístas as traballadoras sociais que estaban en aquel momento pedindo e claro, pediron moito e non se puideron gastar. E xa non lle falo de que tiveron que devolver 45.000 euros do Plan Concertado do ano pasado. E xa non lle falo das horas do SAF Dependencia, porque é unha verdadeira vergonza.
Logo fala vostede de que resulta que a oposición minte, dicíalle agora ao portavoz de Xente de Dodro, pero mire, é que eu creo que é tan grave iso como que a alcaldía tamén minta, porque vostede aquí dixo, entre outras lindezas, que o Partido Popular cando estivo gobernando, non inverteu en vehículos, eu creo que ten que facer un repaso do que fixo o Partido Popular aquí en oito anos, mentres que gobernaba, así que non acuse vostede de mentir a ninguén, cando vostede tamén o fai, sinceramente, a xestión é nula, desde que vostedes están gobernando Dodro, a xestión é absolutamente nula. Non temos, actualmente ningún servizo, os servizos máis importantes do Concello como son urbanismo,

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Leva vostede oito minutos."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Vale, hasta quince aínda me quedan..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No, dous, dous, revise vostede o ROM que aínda que ten moitos fallos, este teno máis ou menos claro."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Vale. Mire, os servizos máis importantes do Concello, urbanismo e servizos sociais, non funcionan, eses servizos que ademais lle pideu Unidade Veciñal para formar parte do goberno, non funciona. Se vostedes van a negociar que me voten cando a min me interesa, eu creo que é mellor que se xunten, gobernen xuntos e acaban antes, porque para que se boten aquí lindezas e despois lle digan, bueno, pero voulle a votar a favor, bueno, eso é para os de Unidade Veciñal que dinlle moitas*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+0JPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

pero resulta que na maioría das cousas están apoiando a este goberno, co cal, tamén teñen culpa da mala xestión deste goberno, se vostedes lle votan a favor, por moito que lle digan antes que está mal feito o que fan e que agora faga un relatorio de todas as cousas que o equipo de goberno fixo mal, pero resulta que despois non plenos, vótalle a favor, bueno, pois tamén terán parte de culpa, digo eu.
A senda, a senda e que aquí todo o mundo fala da senda, pero é que non falan de que custou 125.000€ que están aí tirados, que se puido haber feito moitísimas cousas con estes cartos en Dodro, porque os parques están que dan vergonza,pero dan vergonza, agora que os rapaces poden ir a xogar un rato aos parques, teñen que ir aos de outros concellos porque os nos, a herba, bueno, pasa por encima dos aparatos, gustaríame que o señor alcalde me dixera algunha cousa que xestionan ben neste concello, porque sinceramente, nós non a vemos, nin sequera a xestión da propia Casa consistorial, porque voulle a dicir unha cousa."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias, señora Boga."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non é normal chegar a un concello e que teña a porta pechada, un timbre e que teña que tocar o timbre tres veces para que me atendan."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias, señora Boga. Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Antes de seguir co meu argumento, quería dicirlle, por exemplo ao BN, que efectivamente o BNG vaille a votar a favor, pase o que pase durante todo o mandato, e pase o que pase nos orzamentos, porque claro, se o motivo para que o Concello non quede paralizado é votar a favor de todo canto lle propón o goberno, vale de acordo, nós non pensamos así, votar a favor a todo o que lle propoña o goberno, para que non quede o Concello paralizado, dicirlle tamén ao portavoz do partido, bueno, o alcalde, se sabían que non se podía formar goberno ca Unidade Veciñal de Dodro porque non daban os números, para que nos chaman?, porque sempre nos chaman vostedes, non somos nós os que estamos a petar na súa porta, son vostedes os que petan na nosa porta sempre e nós, antes de facer coma fan outros, de dicirlle que si a todo, primeiro queremos propostas e sobre esas propostas, negocialas. E bueno, xa vexo que vostedes están contentos, bastante contentos ca postura do portavoz de Xente de Dodro, vese que mentres que o teñan aí, vostedes están seguros nestes anos que lle quedan, ou sea que, así seguimos.*
Vou seguir, unha das actividades que tiñamos antes, no mandato do goberno tripartito, eran as chamadas reunións informativas coa veciñanza das distintas aldeas, que se facían, en canto a pandemia nos deixou, sobre todo no ano 22 e 23, as reunión permitían un contacto directo e humano coa veciñanza, onde o alcalde e as concelleiras podían explicar decisións proxectos, prioridades, sen intermediarios e permitían recoller inquedanzas que non sempre chegan ás oficinas municipais. Tamén fomentaban a participación cidadán, evitaban

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+0JPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

malentendidos e rumores, dábase conta do que se fixo e do que se está a facer e melloraba a confianza no Concello, nestes dous anos de goberno, non se fixo ningunha reunión informativa coa veciñanza, algunha mesmo se chegou a informar, por parte do alcalde nun pleno, por unha pregunta da Unidade Veciñal que ian facer unha coa veciñanza da Revoltiña en Bexo, no mes de xaneiro, nada, cinco meses despois, seguimos esperando. E a última, foi no pleno anterior, onde o alcalde admitiu que lle foi concedida unha subvención de 46.000 euros e so gastaron 16:000, devolveron ao redor de 30.000, porque non tiñan onde gastalos.

A Unidade Veciñal de Dodro, sempre estivo disposta á negociación política sobre os temas fundamentais, coma son o POS e nos que chegamos a acordo non dous anos que estamos na oposición. Na RPT, que se aprobou a instancia nosa e coas nosas peticións atendidas, pero sempre desde a esquerda, non conten con nós para facer políticas de dereitas, de privatización de servizos públicos, coma o SAF, o servizo de limpeza ou a recollida do lixo, para iso xa conta co PP ou mesmo co BNG. Nunca votamos en contra por sistema, como fan outros. Nós estudamos asa propostas do goberno e vemos o mellor para a veciñanza, aprobando unhas, votando en contra de outras ou mesmo, coa abstención e sempre manter unha ma tendida con este grupo para futuras negociacións, negociacións dende a esquerda, nesa esquerda que o PSOE de Dodro pretende estar pero non confía en ela. Pero como dixen ao principio, este orzamento no fai posible o nos voto positivo. Non estamos dispostos a votar a favor de calquera proposta sen negociación ou polo simple motivo de que o goberno siga gobernando sen problema.

Por todo o anterior, a Unidade Veciñal, non pode votar a favor desta moción de confianza vinculada aos orzamentos."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si, cuestión de confianza, hai que ler ben, cuestión de confianza, a moción pode vir despois. Rapidamente, a min, non sei, no meu choio facemos moitas veces cursos de linguaxe non violento, pero cando un chega aquí, parece que o curso non vale de nada. É difícil aplicar aquí un curso de linguaxe non violenta, é certo que nos encendemos no que son temas políticos e cada un ten as súas ideas, pero eu creo que hai que moderarse un pouquiño, porque xa levamos uns cuantos anos, os que somos concelleiros e concelleiras e creo que non estaría de máis, porque estamos ao nivel do Parlamento español, curiosamente, Dodro, está ao nivel do Parlamento español, todo á caos, cando non goberna a dereita, todo é caos, todo funciona fatal, é que non funciona nada, é que non hai máis que mirar ao redor e todo é fatal, é unha cousa... é moi bo, é moi bo porque segundo algúns grupos políticos estamos ao nivel do que é o Parlamento do Estado, é o argumentario absolutamente ao pé da letra que ten a dereita da extrema e a extrema dereita en Madrid, é a que se aplica no Concello de Dodro, evidentemente o BNG, non está no goberno de Dodro e vai a apoiar ao Partido*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+0JPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Socialista, sempre e cando o Partido Socialista que está no goberno e decidiu así, en minoría, por non chegar a acordos coa Unidade Veciñal, vai a estar de acordo en cousas que traia aquí ao pleno, se son para mellorar Dodro e por iso o BNG, en este vota a favor e noutras cousas votaremos en contra, coma sempre, non temos ningún tipo de problema en admitir que hai cousas que si estamos de acordo con eles e hai cousas que non estamos de acordo, o que dicíamos ao principio, consecuentes. Pensamos que este orzamento non é o mellor, xa o dixemos no seu momento, non é o máis acaido, non, se tiveramos un polígono industrial onde realmente, foi deseñado por un goberno bipartito, PSOE-BNG, hoxe agora mesmo tiñamos aquí empresas e collíamos , faríamos outro orzamento, estou segurísimo, fora quen fora o grupo de goberno que estivera, tería outro tipo de orzamento, estou segurísimo, e todo Dodro estaría segurísimo, pero non, temos este orzamento e faise un esforzo para que estas pequenas achegas, que fan os grupos aos que se chama, vaian adiante e en ese sentido, o BNG, non vai a ter ningún tipo de problema en apoiar, desde logo, si hai cousas nas que non estamos de acordo, pero unha vez máis, case coma un rogo, que moitas veces si o temos feito, desde logo, intentaría moderar a linguaxe, porque asegúrovos que si teño que volver ao choio e me preguntan como me foi, diría, pois mira, o curso que fixen de linguaxe non violenta, non me serve para nada no pleno de Dodro, é unha pena."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Xa antes de pasar á votación, vou a contestar a unha serie de cousas a algún dos portavoces que acaban de facer o seu uso de palabra.*

Que o portavoz de Xente de Dodro, se pola coma exemplo de xestión económica, é como menos, para rirse, mire vostede, a última xestión económica que fixo vostede, foi levar unha querela criminal, un proceso penal, en contra de seis concelleiros que vai ter... e dous traballadoras, si, seis concelleiros, cinco concelleiros e o alcalde, que vai ter un custo para este concello de uns 15.000 euros e non valeu para nada, porque era baseado en mentiras e é o que fai vostede, xudicializar, eso foi o último, 13.000 euros, esa é a xestión económica que ven vostede aquí a demostrarnos, ven vostede a demostrarnos unha xestión económica que cando chegamos no ano 19 tiñamos, xa o dixen o outro día, un encima da mesa, un contrato con un avogado para axudar á famosa secretaria que estaba cando eu cheguei aquí e que seguiu aquí ata que ela pediu a baixa, en decembro, do ano creo que foi 2020, porque quixo marchar para outro lado, que lle recordo que estaba ilegal, porque a súa praza non era esta, esta traballadora,esta profesional do seu, a praza, non era dela, vostede tiña oculto neste Concello a xubilación da anterior secretaria que se había producido no mes de febreiro do ano 19. Vostede debería de dicilo todo, entonces, como é un mentireiro, pretende enganarnos a moitos de nós. Mire, vostede despediu a traballadores deste Ayuntamiento, vostede tivo que readmitilas e tivo que pagar indemnizacións, esa é a súa xestión económica, vostede, mire como sería, polo que sea, polo que sea, polo que sea, era un empresario, bueno, non sei si decir modelo, deste concello, bueno, o de modelo, vámosllo a quitar, vamos, non vamos a facer moita máis sangue no tema persoal de coma xestiona vostede os temas económicos. Vostede estivo cobrando deste Ayuntamiento o máximo que

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+OJPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

puido durante os últimos catro anos do seu mandato, o máximo que lle permutei a lei, o máximo que lle permutei a lei, entonces, vostede que diga esto [interrompe o voceiro de Xente de Dodro de xeito inintelixible], *bueno pois, vostede que diga esto* [interrompe voceiro de Xente de Dodro de xeito inintelixible], *por favor estou no meu uso da palabra, estou no meu uso da palabra, por favor, señor Alfonsín, entonces* [interrompe voceiro de Xente de Dodro de xeito inintelixible], *por favor, estou no meu uso da palabra, como tal, esa é a súa xestión económica, entonces, que veña aquí a dicirlle a este alcalde e a este grupo de goberno, que estamos facendo un esforzo importante pola xestión económica do Concello e que aínda por encima, escoitemos o que temos que escoitar, non é precisamente agradable.*

Portavoz do Partido Popular que agora fixo unha intervención máis de acordo co estado do Concello o cal me parece moi be. Efectivamente, primeiro, teño aquí apuntado recoñecer un erro, efectivamente, recoñecer un erro, que si compraron un coche, compraron un coche para o concelleiro de obras, moi ben, un Ford Focus para o concelleiro de obras, vale, vamos a deixar esto así.

Segundo, dixo vostede moi ben, que urbanismo e servizos sociais que é o que peor funciona deste concello, vostede votou en contra da aprobación inicial da RPT, co cal, vostede non quere que, non dixo dana a favor de que se contrate un arquitecto para que se resolvan os problemas de urbanismo, que por fin teñamos un funcionario, un funcionario público traballando para os veciños e as veciñas de Dodro fora da implicación dos políticos, non deixa de ser curioso que eso pareza que é o que lles molesta.

Segundo, fala vostede das datas de xuño, de cando chegamos nós aquí, precisamente diga as datas, non diga mes de xuño, diga eu cheguei a alcalde o 16 do mes de xuño do ano 19 e vostedes tiñan que haber prorrogado esto antes de habelo deixado, ata o 16 de xuño, eu non era alcalde, diga as datas concretas, non diga soamente mes de xuño que pode tender a erro, vostedes puderon haber prorrogado antes, prorrogado e un ano máis que era o que permitía o contrato, para máis que nada, favorecer o cambio, pero evidentemente, eu entendo que non o fixeran, eu entendo que non o fixeran, "el que venga atrás que se joda, perdimos as elecciones, ¡qué se espabilen!", así foi o que pasou.

Segundo, vostede fala de que quitamos un servizo de axuda psicolóxica, recórdolle que a saúde mental é un problema da Xunta de Galicia, a saúde mental é un problema do SERGAS, a saúde mental é un problema que é de medicina, é un problema de saúde mental e esto, teoricamente o SERGAS é o que ten concedidas as competencias, perdón polo tono, vou intentar moderar, é o que ten concedidas as competencias. Sobre o tema de, vostede moi ben dixo, que en servizos sociais tivemos innumerables persoas, as que foron necesarias para cubrir as baixas da xente que se pon enferma, eu non estou na miña man.

O tema de deportes, basicamente o mesmo, pois, o traballador de turno tuvo un fillo, como si para o ano volve a ter outro, nós fomentamos a natalidade e acatamos as políticas de apoio á natalidade, que conste que hasta fai catro días,

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+0JPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

non sabíamos, xa o dixen aquí nun pleno, se iba a coller todos os meses de vacacións ou iba a coller tal, entonces, bueno, se demorou por eso. Segundo, dice que temos sen atender aos vellos, non é verdade, temos dúas traballadores sociais, nunca houbo tantas traballadoras sociais no Concello.

A ver, que máis, o lixo, pois o lixo, estase traballando en eso todo o que se pode, precisamente é un tema de xestión e pode enseñar as fotos de Londres e Liverpool, cidades inglesas que visitei aí atrás e que están bastante peor que o concello de Dodro. Vidros, voulle dicir unha cousa, non vai, precisamente estamos, a situación da empresa que xestionaba o vidro, Coregal, estámola revisando porque temos moitas queixas do servizo, tanto do vidro coma do papel, posiblemente cambiaremos brevemente, qeu vostede enterarase aquí no pleno, porque non nos parece que estean prestando o servizo aos veciños. Aceite, tamén aceite, tamén cando chegamos aquí no 19, había uns contedores aí postos, anunciados e que non tiñan contrato de , a empresa que os colocou, non tiña permiso sa Xunta de Galicia para recoller aceite. A xente que firmou un acordo, sendo vostede tenente de alcaldesa, e sendo o portavoz de Xente de Dodro alcalde, era un contrato a todas luces ilegal, de feito, rompeuse nada máis chegar aquí, entonces bueno, estamos solucionando con outro tipo de empresas e estamos intentando, non é [interrompe a voceira do Partido Popular de xeito inintelixible]*, pois claro, así se fan as cousa para facela ben. Segundo, non foron 30.000 euros o que se devolveu, nin foron 45.000 euros o que se devolveu, foron cantidades inferiores a esas que vostede di,*[interrompe a voceira do Partido Popular de xeito inintelixible]*, bueno, diga vostede a verdade.*

Ao portavoz de Unidade Veciñal, non vou a contestarlle nada e ao portavoz do Bloque Nacionalista Galego tampouco, creo que as súas posicións están ben expostas, bastante claras e vamos pasar á votación que levamos unha hora e dez minutos de pleno e esto da para o que da e é para o que é. Nas súas mans queda agora, teñen vostedes, recordo, segundo establece a lei, 30 días para acadar un acordo, xa que ven sendo tan fácil, xa digo queda nas súas mans, aquí explicáronse os votos e polo tanto, eu sei contar, ata agora, queda nas súas mans o que pase de aquí en diante, polo tanto."

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 4
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 7
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+OJPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

2 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Estado Proposta: Non aprobada

O pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda adopción do dito acordo.

Ás 13:05 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Dodro, documento asinado dixitalmente
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 12/01/2026 11:59:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 12/01/2026 12:08:00)
Versión imprimible
CVD: v08eQSBy7wqVP+OJPFM1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/